

MODELO DE BASES XERAIS DA CONVOCATORIA

PRIMEIRO. Normas Xerais

É obxecto das presentes bases a contratación dunha praza de TECNICO, mediante concurso oposición, en réxime laboral temporal.

A praza referida está vinculada a labores técnicas dentro do PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL NO MARCO Do EIXO 4 (METODOLOXÍA LEADER) DO PDR DE GALICIA 2007-2013, Concedido a asociación GDR VALDEORRAS e as funcións que ten encomendadas son as propias do posto, como análise, avaliación e supervisión de proxectos, etc:

SEGUNDO. Modalidade de Contrato

A modalidade do contrato é a de laboral por obra e servizo, regulada no Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. O carácter do contrato é por obra e servizo, en réxime de dedicación a tempo parcial. Establécese un período de proba de seis meses.

A duración do contrato estará limitada pola execución do programa Leader do GDR 12 Valdeorras. Sendo a duración máxima o 31/10/2013.

A xornada de traballo será de 20 horas semanais, fixando como días de descanso o sábado e domingo. O horario de traballo fixado será de 10 a 14 horas ou de 16 a 20 horas, coincidindo ca xornada de traballo.

Fíxase unha retribución bruta anual máxima de 14.000 € (*inclúe o prorrateo das pagas extraordinarias*).

TERCEIRO. Condicións de Admisión dos Aspirantes

Para tomar parte nas probas de selección, será necesario:

- a) Ter capacidade para ser contratado, conforme o Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo.
- b) Ter a nacionalidade española, ou membro dun país da U.E. con residencia legal en España.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por Lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ó emprego público.
- e) Posuír a titulación esixida. (Acreditar titulación en algunha das seguintes:
1.- Arquitecto técnico ou superior.

2.- Enxeñeiro técnico ou superior de : camiños, canles e portos; agrícolas e agrónomos; civil; obras públicas; industrial; montes; minas.

- f) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións.
- g) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas e dos Órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, ni atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por Resolución Xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións semellantes as que desenvolvía no caso do persoal laboral, en que houbese sido separado ou inhabilitado. En caso de ser nacional de outro Estado, no atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- h) Acreditar curso de perfeccionamento de galego ou CELGA 4. A persoa que no presente dita acreditación deberá superar unha proba escrita de coñecemento do idioma galego a nivel CELGA 4.

CUARTO. Forma e Prazo de Presentación de Instancias

As solicitudes requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais, para a praza que se opte dirixiranse a Sra. Presidenta da Asociación GDR Valdeorras, e presentaranse no Rexistro de entrada da súa sede sita na rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no diario LA REGION. *En caso de presentarse nun rexistro distinto ó do GDR, remitirase nesa mesma data, vía FAX (988321904) copia do mesmo.*

Teléfono de información 988321905

Así mesmo, as bases da convocatoria publicaranse no TABOLEIRO DE ANUNCIOS de tódolos Concellos da Comarca de Valdeorras integrantes do GDR VALDEORRAS e na sede de dito GDR VALDEORRAS sito na Casa de Río Cigueño na rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras, así como na páxina Web de AGADER.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.
- Documentos acreditativos da titulación esixida na convocatoria así como dos méritos e circunstancias alegados que deban ser valorados.

QUINTO. Admisión de Aspirantes

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia aprobará no prazo máximo de dez días, a lista de admitidos e excluídos (indicando a causa de exclusión). Dito acordo, que se publicará no taboleiro de anuncios dos Concellos integrantes do GDR VALDEORRAS e na sede do GDR sito na Casa de Río Cigueño da rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras, e na páxina web de AGADER; concederáse un

prazo de cinco días hábiles para as emendas a que houbera lugar por parte dos aspirantes. Transcorrido o prazo de emendar, pola Presidencia, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios dos Concellos integrantes do GDR VALDEORRAS e na sede do GDR sito na Casa de Río Cigüeño da rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras, así como na páxina web de AGADER.

C. Na mesma publicación farase constar o día, hora e lugar en que se fará o primeiro exercicio de selección. O chamamento para posteriores ou a entrevista persoal farase mediante a publicación no local do GDR sito na Casa de Río Cigüeño da rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras e deberanse facer públicos pola Comisión de Selección nos locais onde se houbera celebrado a proba anterior, con vintecatro horas ó menos de antelación, así como na páxina Web de AGADER.

SEXTO. Comisión de Selección

A comisión de Selección estará constituída por tres técnicos da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, entre os cales un fará as funcións de presidente, outro de secretario e un de vocal. Así mesmo formará parte da Comisión de Selección un representante da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, con voz pero sen voto.

Membros da Comisión de Selección:

- Juan José Gómez Fernández. Xefe do Servicio de Conservación da Natureza.
- Tomás Merino Martínez. Xefe do Servicio de PDCIF.
- Manuel Souto García. Xefe do Servicio de Explotacións Agrarias.
- Un representante de AGADER.

A pertenza os órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A abstención e recusación dos membros da Comisión de Selección será de conformidade cos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

Os membros da Comisión de Selección son persoalmente responsables do estricto cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición os prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse ca interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltos pola Comisión de Selección, por maioría.

SÉPTIMO. Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:

- Oposición.
- Concurso.

A fase de oposición será previa a de concurso. Consistirá na realización de probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os aspirantes e dunha entrevista persoal.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada pola Comisión de Selección.

En calquera momento a Comisión de Selección poderá requirir os opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Finalizada a fase de oposición, a Comisión de Selección, procederá a valorar os méritos e servicios dos aspirantes que foran considerados como aptos na citada fase de oposición.

FASE DE OPOSICIÓN:

EXAMEN TEORICO: A fase de oposición consistirá na realización dun exercicio teórico consistente nun test de 50 preguntas cunha duración de 75 minutos. As preguntas versarán sobre os seguintes temas:

- 1.- Estructura económica e social da comarca de Valdeorras.**
- 2.- O programa Leader Galicia 2007-2013.**
- 3.- Normativa comunitaria de aplicación ó Leader Galicia 2007-2013.**
- 4.- Análise de proxectos de inversión.**
- 5.- O plan de empresa.**
- 6.- Análise de custos.**

O exercicio ten carácter eliminatorio, pasando a fase de entrevista as 6 mellores notas. A puntuación será de 1 punto por cada pregunta contestada correctamente.

Cada pregunta contestada de forma errónea descontará 0,20 puntos sobre a puntuación total obtida na proba cas preguntas contestadas correctamente. As preguntas no contestadas no puntúan ni descontan puntuación.

ENTREVISTA PERSONAL: Para valorar os coñecementos teóricos e prácticos no exercicio das súas funcións e utilizando como temario o establecido no apartado anterior e as funcións na base primeira. Esta proba terá unha valoración de 10 puntos e unha duración máxima de 30 minutos.

FASE DE CONCURSO:

Os aspirantes que superaran a oposición valoraráselle na fase de concurso os méritos que aleguen.

Méritos computables: Máximo 5 puntos

a) Formación: (máximo 3 puntos)

— Por posuír o título de arquitecto ou enxeñeiro superior, 1 punto.

— Por posuír o título de Doutor, 2 puntos.

Aplicarase a citada puntuación por unha sola titulación e solo pola mais alta acadada.

b) Experiencia: (máximo 2 puntos)

- a) A 0,10 por mes de servicio en prazas similares relacionadas con desenvolvemento rural e programas europeos en calquera ente público ou privado. (No se valorarán fraccións). Xustificarase mediante a presentación de contratos e de posuílos tamén certificados de empresa.

En caso de empate na fase de concurso estarase o disposto no artigo 44 do Real Decreto 364/1995.

OITAVO. Relación de Aprobados, Presentación de Documentos e Formalización do Contrato

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes, a Comisión de Selección fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación na sede do GDR sito na Casa de Río Cigüeño da rúa A Veiguiña nº 5 do Barco de Valdeorras e na páxina web de AGADER . Dita relación elevarase a Presidenta para que proceda a formalización do correspondente contrato co aspirante que obtivera a máxima puntuación.

O resto de aspirantes que superaran o proceso selectivo integrarán unha lista de espera, para cubrir as vacantes que se puideran producir.

Os aspirantes propostos aportarán diante da Comisión de Selección na sede do GDR sito na rúa A Veiguiña 5 do Barco de Valdeorras, dentro do prazo de cinco días naturais desde que se publicara a relación de aprobados, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior, no presentase a documentación ou da mesma se deducira que carecen dalgún dos requisitos esixidos, no poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

NOVENO. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

O Barco a, 27 de maio de 2010.

A Presidenta,
Asdo.: M^a Carmen González Quintela

**ANEXO
(MODELO DE INSTANCIA)**

D. _____, con DNI n.º _____, e domicilio a efectos de notificación en _____,

EXPON

PRIMEIRA. Que vista a convocatoria anunciada no DIARIO LA REGION, de data _____, en relación ca convocatoria da seguinte praza de Técnico do GDR VALDEORRAS, en réxime laboral *temporal*, conforme as bases aprobadas pola Presidencia con data

SEGUNDO. Que cree reunir todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas a data de expiración do prazo de presentación da instancia.

TERCEIRO. Que declara coñecer as bases xerais da convocatoria relativas as probas de selección de persoal laboral.

Por todo elo,

SOLICITA

Que se admita esta solicitude para as probas de selección de persoal referida.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O/A solicitante,

Asdo.: _____

ANUNCIO NO DIARIO “LA REGION” E NO TABOLEIRO DE EDICTOS DOS CONCELLOS

Por acordo da Xunta Directiva de data _____, aprobouse a contratación da praza denominada Técnico, de réxime laboral _____ *temporal por obra o servicio determinado, a cal se convoca mediante concurso-oposición.*

As bases reguladoras das probas selectivas atópanse a disposición dos interesados na sede do GDR Valdeorras, sita na Casa de Río Cigüeño, rúa A Veiguiña nº5 do Barco de Valdeorras, nos taboleiros de edictos dos concellos integrantes do GDR VALDEORRAS, e na páxina Web de AGADER:

En O Barco, a _____ de maio de 2010.

A Presidenta,

Asdo.: M^a Carmen González Quintela